



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e da deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión**, relativa á construción dun Centro de Saúde en Marín.

Unha das necesidades máis perentorias da sociedade marinense ten a ver coa mellora da precaria situación existente en relación coa dotación de infraestruturas sanitarias. A reivindicación dun Centro de Saúde para Marín é xusta e unánime, e responde a un criterio social elemental, segundo o cal non é lóxico que un concello de 26.000 habitantes padeza un estado tan deplorábel na oferta de servizos vinculados nada menos que á preservación da saúde pública.

O actual Centro de Saúde non cumpre coa legalidade vixente en materia de accesibilidade. A maiores está situado na rúa da Estrada, nunha costa moi pronunciada que dificulta o acceso de vehículos, mais tamén a pé, de persoas con minusvalías ou con problemas de mobilidade derivados da súa idade. Á clamorosa falta de espazos súmaselle a localización da atención de urxencias no primeiro andar, cando o lóxico é que debера estar situada no andar de acceso. Así, neste contexto, até os profesionais (médicos) teñen que compartillar as consultas, deteriorando a calidade asistencial. Tamén se mesturan nenos e maiores nos lugares de espera, que deberían estar separados por norma obvia. En definitiva, é posíbel comprobar como o número de xente que acode claramente ao actual Centro de Saúde desborda amplamente a súa capacidade orixinal.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A fin de afrontar este problema, o Concello de Marín, en sesión plenaria celebrada o 8 de Maio de 2009, aprobaba ceder gratuitamente ao SERGAS (Consellaría de Sanidade) a parcela nº 24 ( 2500 m<sup>2</sup>), sita na urbanización “Virxe do Carme”, co obxecto de lle dar cumprimento a un protocolo de cooperación asinado meses antes coa Consellaría de Sanidade para a construción dun novo Centro de Saúde.

Porén, a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza paralizou ese proceso. Malia ao comprometido, os orzamentos do ano 2010 non recollen ningunha asignación, e non existen indicios que o novo Centro de Saúde sexa realidade. A saúde é un dereito inalienábel da poboación, non un negocio. É deber da Consellaría de Sanidade adoptar as medidas precisas, con carácter de urxencia, para dotar a Marín do Centro de Saúde que precisa.

Estas son as razóns que levan ao Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Sanidade.

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a adoptar as medidas precisas para a construción en Marín dun Centro de Saúde de titularidade e xestión públicas, iniciando as obras no presente ano 2010, con arreglo ao Plano Funcional xa elaborado, que incluírá un Punto de Atención Continuada (PAC), e contemplará como mínimo as seguintes dotacións e servizos:

1. Quince consultas de Medicina Xeral.
2. Quince dependencias asignadas a Enfermaría.
3. Catro consultas de pediatría.
4. Catro consultas de Enfermaría Pediátrica.
5. Dous polivalentes de pediatría.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

6. Unha consulta de matrona.
7. Unha dependencia de educación maternal.
8. Unha consulta para o/a profesional farmacéutico.
9. Dúas consultas para odontoloxía e hixienista dental.
10. Unha unidade de traballo social.
11. Un ximnasio de fisioterapia.
12. Unha unidade de toma de mostras.
13. Unha sala de cirurxía menor.
14. Dúas salas polivalentes.
15. Unha zona de radioloxía.
16. Catro consultas para médicos residentes.
17. Unha consulta para Telemedicina.
18. Unha área específica de atención á muller.

Santiago de Compostela, 5 de Maio de 2010.

Asdo. **Bieito Lobeira Domínguez**

Deputado e Portavoz suplente do G.P. do BNG

**Ana Luisa Bouza Santiago**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Bieito Lobeira Domínguez na data 04/05/2010 19:21:27**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 04/05/2010 19:21:47**